UNIDADE 1

O grego no espazo e no tempo

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. **A LINGUA GREGA**
2. **HISTORIA DO ALFABETO**
3. **ESCRITURA E PRONUNCIA DO GREGO**
4. **MARCO XEOGRÁFICO DE GREGIA**

Ἐξηῦρον αὐτοῖς γραμμάτων τε συνθέσεις, μνήμην ἁπάντων,
Inventei para eles tamén a combinación das letras, que permite recordar todas as cousas.
Esquilo, ***Prometeo encadeado***

Rubens, *Saturno devorando a un fillo*

O Tempo, dono e señor do universo, devoraba ao seu paso a todas as súas criaturas. Moitos, nobres e extraordinarios fillos naceron deste pai desapiadado, pero ningún escapaba á súa vontade destrutora. Ata que un día un deles, o Pensamento, ideou un arma poderosísima para eludir a ira paterna. Chamou ao seu invento escritura e con ela someteu e destronou ao seu proxenitor.

A **escritura** é escudo do pensamento contra a voracidade do tempo

Nesta unidade tes unha detallada información para ver ata que punto se cumpre a historia anterior. A comparación das linguas descubriunos o **indoeuropeo**, e o contacto co mundo semítico facilitounos o **alfabeto.**

Estes fenicios, que chegaron con Cadmo, aportaron aos helenos, entre outros coñecementos, tamén as letras, que antes os helenos non tiñan: en primeiro lugar, aquelas que usan tódolos fenicios, pero despois, andando o tempo, xunto cos sons modificaron tamén a forma das letras. Dos helenos usaban as letras fenicias os xonios e decidiron chamalas caracteres fenicios.

HERÓDOTO, *Historias*, V, 58

Esta unidade será como unha introdución para que poidas situar axeitadamente no seu marco histórico e xeográfico a lingua grega e coñecer as vicisitudes da súa evolución. Tes, ademais, un extenso apartado sobre a orixe da escritura.

Para poder ler axeitadamente os textos gregos debes prestar atención non só ao alfabeto, senón tamén aos **espíritos** e aos **acentos**, xa que, como en galego, o acento do grego é **significativo**, é dicir, que dúas palabras poden distinguirse só polo acento (pensa en exemplos do galego como cantara, cantará).

1. O grego e as linguas indoeuropeas

1.1. O grego e as linguas indoeuropeas

O grego procede do **indoeuropeo,** hipotética lingua primitiva, que debeu de falarse en Europa Central alá polos milenios IV e III a.C. En sucesivas migracións, os indoeuropeos estendéronse pola maior parte de Europa, Asia occidental e a India, dando lugar a diferentes grupos de linguas, descendentes dese tronco común. Estas linguas, chamadas **indoeuropeas**, son:

- Indoiranio: sánscrito, antigo persa...
- Eslavo: ruso, polaco, búlgaro, checo...
- Xermánico: alemán, inglés, holandés, sueco, danés...
- **Latín,** do que derivan as linguas románicas, romances ou neolatinas: castelán, galego, portugués, catalán, francés, italiano, romanés ...
- Celta: galés, irlandés, bretón...

O trazo característico destas linguas é o seu carácter flexivo, organizando a súa flexión en dous sistemas:

- sistema nominal ou **declinación.**
- sistema verbal ou **conxugación.**

Mapa dos dialectos indoeuropeos antigos



Mapa dos dialectos indoeuropeos modernos


OCEANO ATLANTICO
NORUEGO
SUECO
GRAN RUSO
RUSO
IRLANDES
INGLES
BAJO ALEMAN
ALEMAN
LENGUA DE OIL
FRANCES
GALLEGO
PORTUGUES
ESPAÑOL
LENGUA DE OC
ALTO ALEMAN
CHECO
ESLOVACO
RUTENO
PEQUEÑO RUSO
RUMANO
CROATA
SERVIO
BULGARO
ITALIANO
MAR NEGRO
MAR
MEDITERRANEO
GRIEGO
ARMENIO
CURDO
CASPIO
PERSA
INDIO
RAJASTANI
BELUCHI
OCEANO
INDICO

1.2. O grego e os seus dialectos

Os documentos máis antigos que conservamos do grego están escritos en **micénico,** descuberto en táboas finas de barro achadas en diversos lugares de Grecia e datadas arredor do s. XIV a.C. Trátase dun grego escrito nun sistema **silábico,** chamado **lineal B,** que foi descifrado polos ingleses M. Ventris e J. Chadwick en 1952.

Este sistema de escritura desapareceu coa caída dos reinos micénicos e, a partir do s.VIII a.C., foi substituído por un sistema de escritura **fonética,** no que cada signo representa un son, coa anotación das vogais: o **alfabeto.**

Pero o grego non é unha lingua unificada, senón que ten **dialectos,** que podemos dividir en catro grupos:

1. **Dorio e grego do Noroeste**: Falado no Peloponeso (agás en Arcadia), no NW. de Grecia e na zona sur de Asia Menor chamada Dóride.
2. **Arcadio-chipriota**: Falado en Arcadia e na illa de Chipre. Non tivo uso literario.
3. **Eolio**: Falado en Beocia, Tesalia, na zona norte de Asia Menor (Eólide) e en Lesbos.
4. **Xónico-ático**: Falado en Ática, Eubea, illas do Exeo (Cícladas, etc) e na zona central de Asia Menor, que por iso recibe o nome de Xonia. O **ático** é o dialecto de Atenas na época clásica e por iso acadou un gran desenvolvemento literario e predominio cultural.

Na Época Helenística, todos estes dialectos conflúen nunha lingua común, a **Koiné**, que se impuxo como lingua oficial do Imperio de Alexandre Magno. Está baseada maiormente no dialecto ático, con algunhas achegas do xonio

Desta lingua deriva, cos cambios fonéticos e morfolóxicos debidos ao paso do tempo, o **grego moderno**, que é ao grego antigo o que pode ser o castelán actual á lingua do *Cantar do Mío Cid*.

Realiza a πρᾶξις 1

2. **Historia do alfabeto**

2.1**. A escritura**

Tódolos seres humanos posúen unha lingua, pero non todos a escriben**.** A historia da linguaxe é moi antiga, pero a da escritura é moito máis recente.

A arte de escribir xorde en sociedades urbanizadas. O sistema de escritura máis antigo que conservamos é o dos **sumerios,** que habitaron Mesopotamia desde mediados do IV milenio a.C.

No mundo hai diferentes linguas e diferentes sistemas de escritura: hoxe un chinés, un árabe, un ruso ou un inglés escriben, pero usan sistemas de escritura diferentes.

2.2. **Historia da escritura**

A escritura é unha das máis altas conquistas logradas polo home. Grazas a ela puido superar as barreiras do espazo e do tempo e trazar os fundamentos do progreso.

Nun senso amplo podería definirse a escritura como a **forma humana de comunicación mediante signos visibles.** Hai escritura tanto na frecha pintada nunha árbore para indicar o camiño, coma no máis sofisticado programa de ordenador; na pintura da Cova de Altamira, coma na derradeira novela de Saramago.

2.2**. Comunicación oral e escrita**

En toda comunicación humana interveñen tres elementos: un **emisor**, un **receptor** e unha **canle** de comunicación.

Na comunicación **oral**, a relación emisor-receptor establécese mediante o son e os xestos, o que a fai máis inmediata e próxima, pero vinculada a un son e a unha imaxe fugaces.

Na escritura, esa relación prodúcese a través dunha imaxe gravada; isto faina resistente ao paso do tempo, trasladable no espazo e incluso modificable e reproducible coa maior exactitude.

2.3**. Canles complementarias**

Ámbalas canles son complementarias: a primeira é inmediata e non precisa elementos alleos a nós; por iso resulta o máis adecuado para a comunicación espontánea e cotiá, pero require desde o principio aterse a un *sistema*, a un *código*, a un *idioma*, cuxo descoñecemento impide a comprensión, e isto limita o número de persoas capaces de usalo.

A escritura precisa materiais alleos ao emisor –unha superficie sobre a que escribir e un obxecto con que facelo–, sendo, por iso, menos axeitada para a comunicación inmediata; en cambio, baixo certas formas elementais, a escritura permítenos a comunicación sen coñecer un idioma, e, por outra banda, é posible salvar dúas grandes dificultades: o *espazo* e o *tempo*. Permite controlar máis cantidade de información e facer un uso máis ordenado dela, así como

repetila con precisión cando queiramos. Finalmente, permite ao emisor e ao receptor comunicarse cando por algún motivo non poden facelo polo sistema oral.

2.4. Importancia da escritura

A escritura é unha das bases da organización social do home e o seu nacemento e progreso foi paralelo ao dela. A diferenza entre sociedades con escritura e sociedades ágrafas (sen escritura) é evidente en sociedades que, coma a grega micénica, desenvolveron un sistema de escritura cando a organización social e administrativa llo esixía; pero, desaparecida esta, a escritura desapareceu con ela para xurdir uns trescentos anos máis tarde, aínda que agora cun sistema *alfabético*, non *silábico* como era o micénico. Resumindo, podemos dicir que, se pola necesidade de comunicarnos falamos, pola de asociarnos escribimos.

2.5. Orixe e primeiros pasos da escritura

A escritura foi o resultado dun longuísimo proceso, cuxos antecedentes se perden na prehistoria. Os restos máis antigos de certos indicios de escritura acháronse en *Mesopotamia*, a rexión entre os ríos Tigris e Éufrates. Tales restos, cuxa data se estima contra o 8500 a.C., son marcas feitas en ósos de animais e figuras xeométricas, como discos, conos ou cubos de barro, que servían seguramente para levar unha elemental contabilidade.

Tamén as mostras máis antigas de verdadeira escritura –as figuras citadas son só o preludio– apareceron na rexión meridional de Mesopotamia. Alí estableceuse, a finais do quinto ou principio do cuarto milenio a.C., un pobo que a historia coñece como **sumerio**, e Súmer, a rexión que habitaba. Este pobo foi o primeiro capaz de reproducir en imaxes –**pictogramas**– o seu pensamento a finais do cuarto milenio (contra 3200 a.C.) en Uruk, a súa capital.

Con este paso dos sumerios a humanidade entraba na historia.

2.6. Tipos de escritura

Os principais sistemas de escritura utilizados ao longo da historia son os seguintes:

- **pictográfica:** cada signo representa un obxecto concreto

- **ideográfica**: Cada signo simboliza un concepto ou idea e representa unha palabra. A este grupo pertence o *sumerio*.

- xeroglífica: os *xeroglíficos exipcios* son uns cen anos posteriores á escritura sumeria; tamén son deste tipo o *chinés* actual, así como os *sinais de tráfico* e os *xeroglíficos* da prensa diaria.

- **silábica**: Entre 1500 e 1000 aparecen novos sistemas de escritura que representan un avance sobre os anteriores, porque reducen o número de signos. A este grupo pertencen, no ámbito xa grego, a escritura **cretense** ou *lineal A* (s. XVI a.C.), a **micénica** ou *lineal B*, usada en Grecia continental (s.XIV a.C.) e os silabarios **chipriotas** (s.VIII a.C.)

- **alfabética:** A finais do segundo milenio os pobos situados entre Exipto e Siria chegaron, por camiños diferentes, á escritura alfabética, na que cada signo tenta de representar un fonema. Este é un sistema moito máis evolucionado e útil: cun escaso número de signos (entre 20 e 35) pódese formar un número infinito de palabras. Os **fenicios**, expertos comerciantes que precederon aos gregos na colonización do Mediterráneo, usaron este sistema.

2.7. **A invención do alfabeto**

Pouco máis tarde do ano 1000 a.C., os gregos entran en contacto cos fenicios e adaptaron o sistema fenicio á súa lingua cun senso práctico:

- Os signos que coincidían en ámbalas dúas linguas mantivéronse.
- Os que non coincidían usáronse para outros signos ou con valor numérico.
- Creáronse varios signos novos para representar tódolos sons; iso explica a orde das letras.
- Como novidade, os gregos usaron diversos signos fenicios para representar as **vogais**, xa que o fenicio, por ser lingua semítica, só notaba as consoantes

Realiza a πρᾶξις 2

3. Escritura e pronuncia do grego

3.1. O alfabeto grego

Maiúsculas	Minúsculas	Nome Grego	Nome	Transcr. Lat	Transcr. Galego
Α	α	ἄλφα	alfa	a	a
Β	β	βέτα	beta	b	b
Γ	γ	γάμμα	gamma	g	g, x
Δ	δ	δέλτα	delta	d	d
Ε	ϵ	ἒ ψιλόν	epsilón	e (breve)	e
Ζ	ζ	ζῆτα	dseta	z,c	z,c
Η	η	ἦτα	eta	e (longo)	e
Θ	θ	θῆτα	zeta	th	t
Ι	ι	ἰῶτα	iota	i	i
Κ	κ	κάππα	kappa	c,qu,k	k, c
Λ	λ	λάμβδα	lambda	l	l
Μ	μ	μῦ	mü/mi	m	m
Ν	ν	νῦ	nü/ni	n	n
Ξ	ξ	ξῖ	xi	x	x
Ο	ο	ὂ μικρόν	omikron	o (breve)	o
Π	π	πῖ	pi	p	p
Ρ	ρ	ῥῶ	ro	r	r
Σ	σ	σῖγμα	sigma	s	s
Τ	τ	ταῦ	tau	t	t
Υ	υ	ὖ ψιλόν	ypsilón	y	i
Φ	ϕ	ϕῖ	fi	ph	f
Χ	χ	χῖ	ji	ch	c, qu
Ψ	ψ	ψῖ	psi	ps	ps, s
Ω	ω	ὦ μέγα	omega	o (longo)	o

(1) ι-, υ-, iniciais ante vogal adoitan transcribirse por x :
ἱϵρογλυϕικός, ὑάκινθος : **x**eroglífico, **x**acinto

3.2. Observacións

- A grafía -ς úsase só en fin de palabra; nas demais posicións (inicial e interior) emprégase σ (exemplo: σοφία, κόσμος,πόλις).

- A gamma (γ), cando precede a γ, κ, χ, ξ pronúnciase como "n": exemplos: ἄγκυρα, ἄγγϵλος, ἄγχι, Σϕίγξ. (áncüra, ánguelos, ánghi, esfinx).

- A dobre (λλ) pronúnciase como dobre "l", non como "ll" (ex.: ἄλλος, al-los).
- Os ditongos lense au, eu (ex.: αὐτός, λευκός); o ditongo ου lese u (ex.:οὐρανός).
- As grafías ψ, ξ, ζ representan consoantes dobres: ps, ks, ds/sd respectivamente.

3.3. Clasificación dos fonemas

- **As consoantes**

OCLUSIVAS	sonoras	xordas	aspiradas
labiais	β	π	φ (/ph/)
dentais	δ	τ	θ (/th/)
velares/guturais	γ	κ	χ (/kh)

Nasais: μ (labial), ν (dental)
Líquidas: λ (lateral), ρ (vibrante)
Sibilante: σ, ς

- As vogais

As vogais simples poden ser:
a) pola cantidade: -breves: ε, ο, α, ι, υ.
- longas: η, ει, ω, ου, ᾱ, ῑ, ῡ.
b) pola abertura: - abertas: α, η, ω.
- pechadas: ε, ει, ι, ο, ου, υ.

- Os ditongos:

a) De primeiro elemento breve: αι, ει, οι, αυ, ευ, ου, υι
b) De primeiro elemento longo: ᾳ, ῃ, ῳ, ηυ

Nota: Nos ditongos co primeiro elemento longo a "iota" escríbese debaixo da vogal longa minúscula ("iota subscrita"), ou despois da vogal longa maiúscula ("iota adscrita"), e non se pronuncia: ᾷδω, ᾠδή, Ἅιδης.

Transcrición dos ditongos

GREGO	LATÍN	GALEGO
αι: αἰθήρ	e: aether	e: éter
αυ + vogal: Ἀγαύε	au: Agaue	av: Agave
ευ + vogal: εὐαγγέλιον	eu: euangelium	ev: evanxeo
ει: εἰρωνεία, εἴδωλον	i: ironia, idolum	i: ironía, ídolo
οι: οἰκονομία	oe: economia	e: economía
ου: βουκολικός	u: bucolicus	u: bucólico
ῳ: ᾠδή / τραγῳδία	o/oe: oda, trgoedia	o/e: oda, traxedia

Vogais breves



Vogais longas



3.4.Signos gráficos do grego

a) **Espírito:** Toda palabra que empeza por vogal leva un signo que indica a aspiración. Este espírito pode ser:

- **suave** (᾽): non se pronuncia: ἀγαθός

- **áspero** (῾): Representa unha aspiración inicial (como "h" inglesa): ἕξ, ὕπερ; cf. Latín sex, super.

Nota: Tamén levan espírito áspero as palabras que comezan por ρ: ῥυθμός; cf. Latín rhythmus.

b) **Acento:** Tódalas palabras gregas levan acento, que pode recaer sobre unha das tres últimas sílabas da palabra. O acento grego presenta varios tipos:

- **Agudo** (´): Pode recaer sobre calquera vogal (breve, longa ou ditongo), dunha das tres últimas sílabas da palabra: ἄνθρωπος, ἀγγέλλω, μικρός

- **Grave** (`): É unha variante do agudo; o acento agudo na **última sílaba** da palabra transfórmase en grave cando lle segue outra palabra acentuada: ἀγαθὸς ἀνήρ, pero ὁ ἀνὴρ ἀγαθός (atención ao dobre cambio).

- **Circunflexo** (ˆ): Representa unha elevación seguida dun descenso do ton, polo que só se coloca sobre vogais longas ou ditongos e só pode recaer nas dúas últimas sílabas da palabra: δῆμος, γλῶττα, Χαιρεφῶν.

Notas:

Cando os signos ortográficos (espírito e acento) afectan a ditongos, escríbense sobre o segundo elemento, pero lense como ditongos:

εὑρίσκω, οἶνος, αἴρω, βασιλεύς.

Cando a vogal inicial é maiúscula, os signos colócanse na parte superior esquerda:

Ἑλλάς, Ἄρτεμις, Ὅμηρος, Ἀγαμέμνων.

Realiza a πρᾶξις 3

4. Marco xeográfico de Grecia

A Grecia antiga nunca constituíu un estado como é na actualidade, senón que cada πόλις (cidade-estado) era independente e tiña as súas institucións, a súa moeda e o seu exército. Sen embargo, os habitantes de todos aquelas πόλεις eran conscientes de falaren unha mesma **lingua**, aínda que había variedades dialectais, e de compartiren unha mesma **cultura.** O conxunto destas cidades e territorios denominábase Ἑλλάς (Hélade) o os seus habitantes, Ἕλληνες (helenos). Eles percibían claramente esta realidade fronte ós demais pobos, ós que chamaban despectivamente βάρβαροι (bárbaros = que non falan grego).

A este sentimento contribuían poderosamente as festas e competicións que os helenos celebraban con asiduidade, sobre todo as máis importantes, como os Xogos **Olímpicos** ou **Píticos,** que tiñan carácter e alcance **panhelénico** (a eles acudían tódolos helenos, independentemente do lugar onde vivisen).

Na xeografía da Grecia antiga distinguimos as seguintes zonas (ver mapa):

4.1. Grecia continental:

a) Setentrional: No norte atópanse as rexións semibárbaras de Epiro e Macedonia. No noroeste está Tesalia, na que se atopa o monte **Olimpo,** suposta residencia dos deuses, que por iso se chaman **olímpicos**.

b) Central: Aquí están algunhas das cidades máis importantes na historia da Grecia clásica: **Delfos**, co famoso santuario panhelénico, a onde acudían tanto helenos como bárbaros para consultar o oráculo de Apolo; **Tebas**, famosa polo ciclo mítico ó que pertence Edipo, é a capital de Beocia; **Atenas**, capital da Ática; na época clásica convértese na cidade máis importante de Grecia, chegando a falarse do imperio ateniense.

c) Meridional ou **Peloponeso**: Está unida ó continente polo istmo de **Corinto**. As rexións e cidades máis importantes son:

- Élide, na que destaca **Olimpia**, sede dos primeiros **xogos olímpicos**, de ámbito panhelénico.
- **Arcadia**, zona central e illada; é a única do Peloponeso que non ten acceso directo ó mar.
- Argólide, con Argos, **Micenas** e **Epidauro**, como cidades máis salientables.
- Laconia ou Lacedemonia: A súa capital, **Esparta**, foi a antagonista de Atenas na época clásica.

4.2. Grecia insular

A península helénica ten a súa continuidade nas numerosas illas que salpican o mar Exeo:

a) Illas Xónicas. Así chamadas porque forman un pequeno arquipélago no mar Xónico (o actual Adriático); salientamos **Ítaca**, pola fama que alcanzou grazas á **Odisea** de Homero.

b) Illas Cícladas. Forman unha especie de círculo que é a prolongación da península ática no mar Exeo. Salientamos **Delos**, centro natural de todas, famosa polo oráculo de Apolo e sede do **tesouro** (Banco Central) da liga marítima ático-délica tralas Guerras Médicas.Tamén son dignas de mención **Paros**, famosa pola calidade do seu mármore, e **Naxos**.

c) Illas do Exeo oriental. Situadas fronte á costa de Asia Menor. Salientamos **Lesbos**, patria da poetisa Safo, e **Quíos**, unha das cidades gregas que se disputan a honra de ser patria de **Homero**.

d) Na desembocadura do Helesponto temos **Lemnos** (Atenea lemnia) e **Samotracia** (Vitoria de Samotracia).

e) Eubea e Espóradas do Norte: A illa de **Eubea**, situada fronte á costa oriental de Ática e Beocia, é unha das máis ricas e extensas. As cidades de Calcis e Eretria foron importantes centros de colonización. As Espóradas do Norte están fronte ás costas de Eubea; a máis salientable é **Esciros**.

f) Espóradas do Sur ou Dodecaneso. Situadas na zona sur da costa de Asia Menor. Destacan **Samos** e **Rodas**.

g) **Creta.** É a maior das illas gregas. No segundo milenio chegou a dominar o Exeo, exercendo unha poderosa influencia en toda a zona e tamén no continente grego, como se ve na arte **micénica**. A cidade máis importante naquela época foi Cnossos, onde residía o rei Minos e o mítico Minotauro.

4.3. **Grecia colonial**

A escaseza de terra fértil, o aumento demográfico, a invasión dos dorios e as loitas políticas son factores que se citan como causa de que os gregos emprendesen desde moi cedo o camiño da **emigración**, na procura de terras máis produtivas, pero tamén para fomentar as relacións comerciais. A **colonización** tivo varias etapas:

a) Unha primeira colonización dirixiuse, xa no ano 1000 a.C., ás costas de Asia Menor, ocupando distintas zonas segundo a orixe dos colonizadores:

- A zona norte, **Eolia**, foi ocupada polos eolios. Cidades salientables son **Troia** e Focea.
- Na zona central, **Xonia**, establecéronse os xonios. Esta zona foi a que alcanzou un maior nivel económico. Entre as cidades destacan Éfeso e, sobre todo, **Mileto**, que fundou novas colonias no Mediterráneo e no Mar Negro. En todas estas cidades había unha intensa actividade comercial e cultural, favorecida polas relacións que mantiñan cos pobos de Oriente. Esta é a explicación de por que foi aquí, e non no continente grego, onde naceu a **civilización grega.** Baste recordar que o primeiro dos *sete sabios* é **Tales de Mileto.**

b) A zona sur -**Dóride**- foi ocupada polos dorios, orixinarios do Peloponeso.

c) Máis tarde, entre os séculos VII e V a.C., a colonización diríxese a occidente, establecéndose no sur de Italia e en Sicilia (**Magna Grecia**), onde fundan cidades como Nápoles, Tarento e Siracusa.

d) Finalmente, os gregos fundan establecementos comerciais en tódalas ribeiras do Mediterráneo e do mar Negro. Cabe salientar Marsella, Ampurias, Náucratis en Exipto ou Cirene na actual Libia.

4.4. **Xeografía mitolóxica**

a) Montes: *Olimpo* en Tesalia; *Pindo* en Epiro; *Helicón*, *Citerón* en Beocia; *Parnaso* en Delfos; *Taixeto* en Esparta; *Parnés* e *Himeto* en Atenas; *Ida* en Creta e Troia.

b) Ríos: *Peneo* en Tesalia; *Aqueloo* en Etolia; *Alfeo* e *Cladeo* en Olimpia; *Cefiso* e *Iliso* en Atenas; *Simois* en Troia; *Eurotas* en Esparta; *Meandro* na Xonia asiática.